


PEZA DO MES

outubro

2022



**COLECCIÓN SEGA
(SERIGRAFÍAS DE ARTE)**



MODELO DE SERIGRAFIADO DUNHA LÁMINA. «MOZAS A VENTANA». VIRXILIO

Colección SEGA (Serigrafías de Arte)

A finais dos anos cincuenta do século pasado, Álvaro Álvarez Blázquez (Tui, 1921- Vigo, 2005) o máis novo dos seis fillos, todos homes, do médico pontevedrés Darío Álvarez Limeses e de María Blázquez Ballester, escoita falar o seu amigo Celso Emilio Ferreiro, nos faladoiros do Café Derby de Santiago, sobre un novo procedemento de impresión chamado serigrafía que axiña esperta o seu interese. A serigrafía expandíase na Europa do momento despois do seu uso en impresións militares por parte do exército americano na II Guerra Mundial. A popularización da técnica terá a súa base inicial en Francia e logo tamén en Inglaterra e países escandinavos, onde aos vellos usos prácticos de impresións en materiais plásticos, téxtiles e cartográficos se engaden os das novas expresións artísticas partidarias da arte para todos na sociedade de masas, froito das correntes como o Pop Art de raíz norteamericana –co seu referente icónico Andy Warhol–. En España serán artistas como Eusebio Sempere e Abel Martín ou empresarios como José Llopis os que introduzan esta actividade nos inicios dos sesenta.

Desde a pista transmitida por Celso Emilio, Álvaro Álvarez Blázquez, funcionario do Instituto Social da Mariña, home activo e inqueda, pertencente a unha das familias máis prolíficas na dinamización da cultura galega desde o Rexurdimento, investiga,

estuda e aprende a utilizar ese método de impresión, tanto nunha estadía en Madrid como nun contacto novelesco en Vigo: un emigrante a punto de embarcar para América pon un anuncio na prensa para transmitir o seu coñecemento da arte serigráfica antes da partida. A técnica, a estampación de varias capas de impresión complementarias, con tintas planas, a través dunha trama de seda (de aí a denominación da técnica) tensada nun bastidor, ten a vantaxe de que se pode aplicar practicamente sobre calquera soporte e facilita a edición de obras de arte en grandes tiraxes, a prezos accesibles para o gran público.

Xa a principios dos sesenta, primeiro nun pequeno obradoiro nun faiado da rúa Marqués de Valladares e, logo, nun local máis amplo na rúa Falperra na cidade de Vigo, fundaría a primeira empresa serigráfica de Galicia, «Serigrafía Gallega», dedicada nos seus inicios ao traballo publicitario industrial: obxectos como bandeirolas e autoadhesivos para coches, entre eles, a primeira campaña de promoción do uso da lingua, «Falemos galego», impulsada desde Ourense polo doutor Carlos Guitián.

Abre un novo camiño, berce da súa futura faceta como difusor da arte contemporánea galega, coa estampación de carteis para festas e exposicións, moitos da autoría do pintor ourensán Virxilio, ou os do Día das Letras Galegas, desde o seu inicio en 1963, con Xoán Ledo ou Luís Seoane.

Do seu obradoiro sairía tamén a primeira cuberta serigráfica dun libro en Galicia: *La ciudad y los días*, unha biografía literaria de Vigo, nas Edicións Monterrei (1960) de Xosé María Álvarez Blázquez, así como as serigrafías a cinco tintas que ilustran as cubertas da popular e exitosa colección «O Moucho» de Edicións Castrelos, fundada tamén polo seu irmán, en 1964.

A comezos dos anos setenta, xunto co pintor Virxilio Fernández Cañedo, pon en marcha unha iniciativa pioneira e de grande interese: a produción de obra serigráfica a partir dos orixinais, realizados exclusivamente con esa finalidade, por un nutrido grupo de pintores galegos, como medio de popularización da súa obra a través de exposicións colectivas, así como a súa distribución e venda por medio de salas de arte, como en Ourense, por exemplo, Souto. As estampas vendíanse entre oitocentas e pouco máis de mil pesetas. En palabras do propio Álvarez Blázquez, tratábase de «ofrecer ao público unhas [...] reproducións feitas coa absoluta fidelidade conseguida polo procedemento serigráfico, que exige, como regra de ouro, a caricia da man, o amor e a paciencia das nobres artes de antano».

A primeira exposición colectiva de obra gráfica de «Serigrafía Gallega» da que temos noticia, é a celebrada no Museo Arqueolóxico de Ourense con motivo das festas da cidade en xuño de 1971. Un pequeno folleto dános conta da participación de 16 artistas e 40 obras, que, segundo a orde cronolóxica de estampación, son: Virxilio (1 a 5), Seoane (6 a 10), Mercedes Ruibal (11 a 14), Pérez Bellas (15-16), María Antonia Dans (17-18), Díaz Pardo (19-20), Xaime Quesada (21-23), Antonio Quesada (24-25), Ventura Cores (26-29), Xulio Maside (30-31), X. Luis de Dios (32), Vidal Souto (33), Sesto Novás (34), A. Sevillano (35-36), M. Prego (37 a 39) e Bofill (40).

De cada orixinal fíxose unha tiraxe limitada de 300 reproducións, numeradas e asinadas polo seu autor, coa destrución posterior dos clichés e pantallas utilizadas, do que deu fe o notario Alberto Casal Rivas, segundo se sinala no folleto.

A partir deste momento, entre os anos 1971 e 75 celebráronse numerosas exposicións por moitos puntos do país (Vigo, Coruña, Santiago, Lugo, A Toxa, A Garda, Tui...) e tamén noutras zonas de España (Córdoba, Jaén, Linares, Salamanca, Zamora, Madrid, Barcelona...) onde, deste xeito, tamén chegou o eco do movemento de renovación artístico galego do momento. O éxito foi total, tanto a nivel de cidadáns particulares, como de espazos públicos –hoteis, despachos, hospitais,

asociacións– que colgaron serigrafías destas xeiras, nas súas paredes.

Ao elenco inicial de participantes en Ourense, fóronse engadindo outros artistas para completar esa desexada visión de conxunto da arte galega, na que incluíron, tamén, como elemento de promoción e atracción, clásicos como Castelao. A aventura rematará para Álvaro en 1975 en que venderá unha empresa que segue funcionando a día de hoxe.

En decembro de 2003 abriuse, na Casa das Artes de Vigo, unha mostra antolóxica da produción artística de SEGA, baixo o título de «Tintas Galegas», celebrada como homenaxe ao seu impulsor, Álvaro Álvarez Blázquez, que no momento contaba con 82 anos de idade. Amosáronse un total de 81 serigrafías, de 26 autores e autoras, cun tamaño, case todas elas, de 65 x 50 cm.

Esta exposición estaba introducida por dúas series didácticas de Virxilio («Mulleres á ventana» e outra sen título) con nove obras cada unha, que serven para ilustrar os distintos pasos do proceso técnico de estampación. Outros dez autores e autoras máis suman obra aos que orixinalmente expuxeran en Ourense en 1971: Eugenio Granell (número 41 de estampación, seguindo a numeración da primeira exposición); Rafael Alonso (42 e 45), Datas (44), Laxeiro (43), Castelao (47 a 51 e 58), Leopoldo Varela (52), Antonio Marcos (54), Xulio Prieto Nespereira (55), Berta Álvarez Cáccamo (56-57) e Urbano Lugrís (77 a 81).

Por especial interese da familia, o Museo Arqueolóxico de Ourense conta desde 2007 con esta colección completa, de 26 artistas galegos, todos eles ben representativos da arte galega contemporánea. O conxunto ingresou por compra, como depósito da Xunta de Galicia e quedou rexistrado cos números DX0904 a DX0985.

Rematamos coas palabras de Manuel Bragado na presentación de «Tintas Galegas»: «O labor de promoción e popularización da pintura galega realizada por ‘Sega’ foi valorada de forma unánime e entusiasta polas personalidades da cultura galega do seu tempo. Un labor, pois, o realizado por ‘Serigrafía Gallega’ de promoción e popularización dos nosos pintores que permitiu nos difíciles anos do Tardofranquismo rachar a invisibilidade na que ata entón case se mantiña a nosa plástica. O recoñecemento [...] desta proeza realizada por Álvaro Álvarez Blázquez supón un xusto exercicio de memoria e autoestima para toda a comunidade artística galega».



CLAUSTRO DO PATIO DO MUSEO ARQUEOLÓXICO NA SÚA SEDE DA PRAZA MAIOR



ENTRADA Á SALA DE ESCULTURA DO MUSEO ARQUEOLÓXICO PROVINCIAL SITUADA AO LADO DO CLAUSTRO DE SAN FRANCISCO



INTERIOR DA SALA DE ESCULTURA DO MUSEO ARQUEOLÓXICO PROVINCIAL

MUSEO DE OURENSE

O edificio histórico que é a sede do Museo está pechado ao público por obras de reforma. Aínda así, cando é posible facilítase a súa visita, libre e tamén con posibilidade de guía, para coñecer os restos conservados e descubertos como resultado da intervención arqueolóxica realizada. O soar foi ocupado dende época romana –da que quedan algúns testemuños fragmentarios, pero relevantes na historia da cidade de Ourense–, e seguidamente por unha necrópole altomedieval, para finalmente erguer nel o Pazo do Bispo de Ourense, construción civil románica do século XII, moi completa e que se definiu na súa totalidade espacial e volumétrica, aínda que foi obxecto de engadidos e modificacións ata configurar o actual conxunto, monumento histórico-artístico declarado en 1931.

ESCOLMA DE ESCULTURA

En canto se realizan as obras de remodelación ofrécese aos visitantes unha visión das coleccións do museo a través dunha cuidada selección de pezas de escultura, dende a protohistoria ao Barroco, na sala San Francisco. Esta é a antiga igrexa da Venerable Orde Terceira (VOT) de San Francisco, que se sitúa ao lado do cemiterio e do exconvento do mesmo nome, onde están o claustro gótico e a nave da igrexa cos seus monumentos funerarios góticos e renacentistas.

Teléfono : 988 788 417

O horario de visita:

De martes a sábado: 9.00 a 21.00 h ininterrompido

Domingo: 9.00 a 15.00 h

Pechado os luns e festivos oficiais

Outros servizos do museo

Os servizos de información xeral, biblioteca e consulta de investigadores están dispoñibles na situación provisional do museo, na rúa Xílgaros s/n (Centro Santa María de Europa, A Carballeira), 32002 Ourense.

Teléfono: 988 788 439

Horario de atención ao público: de luns a venres, das 9.00 ás 14.00 h e das 16.30 ás 20.00 h

www.musarqourense.xunta.es

mapour@xunta.es

PEZA DO MES:

EDITA: Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense

TEXTO: Belén Lorenzo Rumbao

ISSN: 1579-9956

FOTOGRAFÍA: Fernando del Río Martínez

MAQUETA: Araceli Gallego Blanco